CHUNGKING EXPRESS
[Wong Kar-wai, 1994, Hong-Kong, 102', VOSE]

Título orixinal ***Chung Hing sam lam***
Dirección e guión **Won Kar-wai**
Fotografía **Christopher Doyle, Andrew Lau**
Son **Tat Leung**
Música **Frankie Chan, Roel A. García, Michael Galasso**
Montaxe **William Chang, Kai Kit-wai, Kwong Chi-leung**
Interveñen **Brigitte Lin, Tony Leung Chiu Wai, Faye Wong, Takeshi Kaneshiro**
Produción **Jet Tone Production**
Distribución **Avalon**

VINDEIRAS SESIÓNS **MAIO 2021**

AKI KAURISMÄKI *TRILOXÍA DO PROLETARIADO*

MARTES 11 ás 20:30 h
SOMBRAS NO PARAÍSO (1986, 70', VOSE)

MARTES 18 ás 20:30 h
ARIEL (1988, 70', VOSE)

MARTES 25 ás 20:30 h
A RAPAZA DA FÁBRICA DE MISTOS (1990, 69', VOSE)

WONG KAR-WAI *SESIÓNS DE FILMOTECA*

LUNS 24 ás 20:30 h
DESEXANDO AMAR (2000, 95', VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC · Xacobeo 2021 · XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #24
10.5.2021

CHUNGKING EXPRESS

WONG KAR-WAI

CINECLUBE PONTEVEDRA
CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE-FILMOTECA DE GALICIA

ENTREVISTA CON **WON KAR-WAI**

Cal foi a orixe de *Chungking Express*? Ao comezo tiña tres ideas, mais logo a terceira foi o xermolo principal de *Fallen Angels*. A primeira idea mudou moito durante a rodaxe. Supoñíase que Brigitte Lin ía abandonar a pantalla logo de *Chungking Express*, así que, nun principio, a súa personaxe ía ser coma Blanche Dubois en *A Streetcar named Desire*. A ela encantoulle: probaba perrucas e ensaiaba fronte ao espello. Era unha historia moi sinxela: ela responde a un anuncio dun xornal onde procuraban unha actriz, casualmente atopábase co personaxe de Takeshi Kaneshiro e, logo, dáballe plantón. Finalmente mantivemos a perruca e a idea dun romance frustrado, mais a súa personaxe pasou de encarnar a Blanche Dubois a ser a *Gloria* de John Cassavettes.

O seu filme é moi distinto aos dous anteriores. Foi unha elección consciente a de facer un filme algo rápido e furioso? Si. Era tamén a primeira vez que facía de produtor, e debía ter en conta o orzamento, xa que cada decisión custaba moitos cartos. Penso que o director non debería ter que pensar tanto niso. Existe o instinto e haise que fiar del. Así que pensei: «Ben, vou facer un filme moi sinxelo, coma os filmes de estudantes, sen moito orzamento, traballando rápido e por instinto». Rodamos cunha soa cámara, cun equipo básico moi pequeno, e saímos á rúa a filmar sen permisos...

Comezou a rodar xa coa idea de contar dúas historias ou isto xorde durante a rodaxe? Ocorréranseme dúas historias curtas algúns anos atrás e non daba feito nada con elas. Logo xurdiu a idea de as unir nun único guión. Cando comecei a rodar non rematara de escribilo. Filmaba en orde cronolóxica. A primeira parte desenvolvíase pola noite e escribía a continuación da historia durante o día. Penso que non hai un engarzamento especial entre as dúas historias. A personaxe principal é a cidade mesma, é a que une verdadeiramente os dous segmentos. Pódense dividir nos días e as noites da cidade de Hong Kong, máis nada.

***Chungking Express* ten unha estrutura binaria moi interesante: hai dous policías que foron abandonados polas súas respectivas parellas, dúas rapazas que se chaman May, dúas azafatas...** Foi totalmente inconsciente. Ía escribindo o guión a medida que avanzaba a filmación. Tiven que agardar á montaxe para me decatar desa dupla estrutura. [...] Escollín dous policías, mais quería que o primeiro non levase uniforme. Brigitte Lin, coa súa fría aparencia e a súa perruca loira, tamén leva, para min, unha especie de uniforme. Ao principio pretendía facer un filme en dúas partes: unha transcorrería na illa de Hong Kong e a outra en Kowloon; a acción da primeira desenvolveríase de día, e a outra de noite. E, malia as diferenzas, serían a mesma historia.

Vostede chegou a Hong Kong de cativo, e medrou en Tsim Sha Tsui, onde están as Chungking Mansions. É un barrio que coñece moi ben. Concentrei a acción en Tsim Sha Tsui e nas Chungking Mansions, ao sur de Kowloon, porque estes enormes edificios, cos seus labirintos de rúas e escaleiras, as súas miríades de xentes de diferentes nacionalidades, representan para min un mundo microscópico, unha visión calidoscópica de Hong Kong. A segunda historia desenvólvese no barrio Central, na illa de Hong Kong, unha especie de mundo complementario das Chungking Mansions. É a mesma mestura de poboación, só que dunha clase algo máis acomodada.

O filme está asinado por dous operadores diferentes... Chris Doyle traballou na segunda historia. Rodei a primeira co operador de *As Tears Go By,* Andrew Lau, porque estaba dispoñible nese intre. Acababa de rematar un filme, levabamos moito tempo sen traballar xuntos e díxenlle: «Queres que fagamos outro filme?». Como sabía que o filme estaba formado por dúas historias díxenlle que fixese el a primeira, e logo pedinlle a Chris Doyle que fotografase a segunda. Controlei persoalmente a continuidade e díxenlles que iamos traballar coma nunha *jam session*.

Quentin Tarantino, que distribuíu *Chungking Express* nos EE UU, dixo de vostede que o sentía coma un compañeiro cando viu o seu filme por primeira vez. Cal é a súa opinión, séntese tamén compañeiro de Tarantino? Para min, Tarantino, Takeshi Kitano e mais eu somos realizadores que traballamos en distintas partes do mundo mais que ao tempo compartimos un determinado parentesco, unha familiaridade que pertence ao espírito do século XX. Gústame pensar ese parentesco coma un espírito de reciclaxe. A xente leva un século facendo filmes e agora somos nós quen tomamos o que vimos de pequenos para reciclalo e convertelo en algo que lle pertence á nosa xeración. Antes, os directores tiñan moito por descubrir: o mundo cinematográfico era novo, un espazo por descubrir, á espera de que a xente o explorase. A nosa xeración viu moito cinema e aprézao. É coma ir ao mesmo supermercado, onde a todos nos ofrecen os mesmos produtos, e logo esforzámonos por cociñar algo novo. E divertímonos facéndoo.

Entrevista recollida en HEREDERO, CARLOS F. (2002). *La herida del tiempo. El cine de Wong Kar-Wai*. Valladolid: 47ª Semana Internacional de Cine de Valladolid. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.